



MARÍN

Galaicos, romanos e o comercio do viño

Abandonamos Poio e cruzamos Pontevedra deixando atrás o esplendor do pazo de Montero Ríos, evocador dos viñedos da fidalguía, para chegarmos á mariñeira vila de Marín. Dos moitos atractivos que ofrece este concello, ademais da visita á Adega Ardán, imos deternos no castro da Suvidá, lugar arqueolóxico cunha importante conexión coa historia do viño nestas terras. Neste estratéxico asentamento fortificado da Idade do Ferro atopáronse numerosos restos de ánforas vinarias que nos falan das relacións comerciais entre a nosa costa e o Mediterráneo, así como das importantes importacións de viño que, hai xa dous milenios, chegaban a estes litorais do Morrazo. Un consumo incipiente e crecente de viños que acabaría facendo deste produto e da súa planta un dos marcadores culturais máis importantes das ribeiras do Morrazo e de Galicia.

A subida ao castro da Suvidá é unha boa oportunidade para gozar da paisaxe de minifundios vinícolas. Unhas plantación de vide que, alternadas con canavais e vimbios, salpican toda a xeografía do Morrazo, especialmente no treito entre Marín e Bueu, demostrando, unha vez máis, o arraigado do cultivo da vide e da produción de viño nestas costas atlánticas.

Dende a costa de Marín os produtos do mar, como o polbo, chegaron ao interior de Galicia, en concreto á comarca de Carballiño pois aló polo século XII o mosteiro de Oseira se fixo cun couto nesa vila e porto mariñeiro e, á parte de rendas, do couto tamén extraían produtos mariños.

Na parroquia de Ardán atopamos a segunda adega da nosa IXP: a Adega Artesá Ardán. Aquí prodúcense os viños *Praia do Santo*, *3 Hermanos*, *Porta do Conde* e *Praia de Loira* con variedades de uva albariño e caíño tinto cultivadas artesanalmente nas case dúas hectáreas de viñedos que traballa a familia de xeito manual. A visita á adega Ardán permitiranos gozar destes caldos.

A visita estival ao concello de Marín é unha boa oportunidade para achegarse a algunha das súa praias, por exemplo, a aquelas que dan nome aos nosos viños da IXP Ribeiras do Morrazo: a praia de Loira e a praia do Santo do Mar.

Dende a praia de Loira podemos aproveitar para facer a Ruta dos muiños de Loira, un fermoso percorrido polas ribeiras do río Loira visitando o importante conxunto etnográfico dos seus muiños de río, interesante mostra do que foi un dos elementos fundamentais para a economía doméstica e a subsistencia dos labregos onde o pan e a faríña eran base tanto da súa alimentación coma da dos animais domésticos.

Que visitar?

No concello de Marín temos varias alternativas culturais, de lecer ou deportivas, entre elas propomos as seguintes visitas:

Praias de Portocelo, Mogor, Aguete, Loira, O Santo

Parque Granxa Briz, de Marín

Museo Manuel Torres

Petróglifos de Mogor e o seu centro de interpretación

Visita á vila de Marín

Interactivo



Organiza a visita

Castro da Suvidá
Coordenadas: 42.381917, -8.780422
Distancia dende pazo de Lourizán:
6 km, tempo: 12 min

Praia de Loira
Coordenadas: 42.367630, -8.739918
Distancia dende o castro da Suvidá:
4 km, tempo: 8 min

Adega Ardán
Coordenadas: 42.354944, -8.738219
Distancia dende a praia de Loira:
2km, tempo: 4 min

Praia do Santo
Coordenadas: 42.349267, -8.751249
Distancia dende a adega Ardán:
2 km, tempo: 5 min

Serpes, mours e labirintos é o que o visitante vai atopar nos petróglifos de Mogor. Na parroquia de Mogor atópase un dos conxuntos de arte rupestre máis famoso de Galicia pois nel podemos contemplar dous gravados de labirintos cuxa datación se remonta á Idade do Bronce e que atopa paralelos na arte minoica e no seu famoso mito do Minotauro. A pedra dos petróglifos é coñecida popularmente como a Pedra da Moura, en referencia ao famoso ser mítico galego, gardadora de tesouros e capaz de transformarse en serpe. O lugar conta cun centro de interpretación onde poder coñecer mellor estas formas de arte rupestre tan nosas.

Gastronomía

Cada xullo, Marín celebra a concorrida Festa da Cigala o que supón unha oportunidade para degustar unhas cigalas acompañadas cun bo viño da nosa IXP, por exemplo un albariño. Pero a nosa proposta culinaria non remata aquí. Entre os produtos que podemos degustar neste itinerario enocultural destacan, por razóns xeográficas, naturais e culturais obvias, os mariscos e os peixes. As Rías Baixas, co seu rico ecosistema, condicións climáticas, temperatura da auga e correntes, fan destes mares o mellor viveiro natural do mundo. Feito ben coñecido dende antigo e que xustifica a fonda tradición gastronómica local tan vencellado aos produtos do mar. Entre os mariscos que podemos desgustar os máis salientables son a ameixa, o berberecho, o mexillón, a ostra, as navallas, a nécora, a citada cigala, a centola, a langosta, o percebe ou o polbo. Dos peixes podemos destacar a robaliza, o rape, o rodaballo, a sardiña e as xoubas e, en pesca de altura, tamén os linguados e as pescadas.



Ruta dos Viños
OCEÁNICOS

